



Nota prensa: CCOO DENUNCIA ANTE A INSPECCIÓN DE TRABALLO AS CONDICIÓN DE INSEGURIDADE LABORAL QUE ESTÁN A SUFRIR OS/AS TRABALLADORES/AS DA UNIDADE VERDE DO HOSPITAL DE VERÍN :

23/03/2026

A Sección Sindical de Sanidade de CCOO de Ourense e Verín ven de denunciar ante a Inspección de Traballo ao SERGAS da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras por as condicións de inseguridade laboral que están a sufrir as traballadoras da Unidade Verde, unidade de hospitalización de medicina interna, do Hospital de Verín.

Esta unidade de hospitalización están caracterizada por ter unha tipoloxía de pacientes moi dependentes nas actividades da súa vida diaria e que precisan axuda para a súa mobilización. Un equipamento básico para que as traballadoras realicen a súa asistencia, con minimización de riscos tanto para a súa saúde (riscos de lesións musculoesqueléticas) como para o doente, é a grúa que lles permite levantalos.

Dende o 7 de Xaneiro do 26 a grúa desta unidade está avariada. A Xerencia de Verín solucionou naquel momento facendo que se compartira a grúa que estaba dispoñible na Unidade Amarela do Hospital. Como solución pasaxeira, as traballadoras adaptáronse a esta problemática e estiveron traballando compartindo a grúa, aínda que isto se traduza nun empeoramento da súa calidade asistencial.

O 13 de marzo, a grúa da Unidade Amarela tamén se estraga quedando sen ningunha grúa para a mobilización dos doentes. A resposta do SERGAS foi mandar un reforzo de celador o que consideramos positivo porque recoñecen a infradotación de celadores no Hospital de Verín, xa reclamada por este sindicato en múltiples ocasións. Isto implicou que todo o traballo transformouse en carga manual, cos conseguintes riscos de saúde para os profesionais, sexan da categoría que sexan. Os profesionais non son grúas.

Dende ese día, os/as traballadores/as fixeron todo o que estaba na súa man para que se solucionara este problema: partes de reparación, escritos a Xerencia do Hospital, escritos a Consellería, SINASP (sistema de notificación e alerta para a seguridade do paciente)...

A contestación que tiveron tanto por parte da Xerencia do Hospital como da Dirección de Enfermería foron malos modos, “advertencias” de responsabilizar ao persoal das consecuencias de realizar o seu traballo nestas condicións e intentar que o persoal non realice SINASP.

A día de hoxe, a solución que deu a Xerencia a estes profesionais é unha grúa antiga que xera moita inseguridade no seu uso por o aumento de risco de ter un accidente laboral. Os/as traballadores/as levan dende Xaneiro con dificultades importantes para realizar o seu traballo en condicións de seguridade tanto para eles como para os doentes.

Dende CCOO exiximos a Xerencia do Hospital de Verín cumprir o seu deber de protexerte.

Para mais información: Eva Rodríguez Alonso.
Secretaría comarcal de CCOO de Sanidade de Ourense.
Tlf:669763120.